



Paraiso
entre ríos

PADERNE XULLO 2015

INFORMACIÓN MUNICIPAL



*Traballando
por
Paderne*

*O Alcalde
co seu Goberno*

Continuando no bo camiño

Rematamos o exercicio 2014 cun superávit, en termos de capacidade para financiarnos, de 312.451,54 €, e un remanente de tesourería de 469.936,21 € o que nos permite a financiación de obras e servizos sen tocar o superávit nun importe de **157.484,85 €**.

Afrontamos esta nova etapa de goberno do Concello sen ningún tipo de débeda e pagando tódalas facturas ó día, informando ademais do estado dos fondos existentes nas arcas municipais a 13 de xuño de 2015, sendo nos seguintes; BBVA: **735.868,89 €**, Banco de Santander: **70.865,40 €**; Caixa Bank SA: **194,52 €** e Caixa Municipal: **196,80 €**, polo que nos senti-

mos orgullosos de servir ós nosos veciños desde unha xestión limpa e transparente.

Sendo conscientes como goberno, de que hai que adaptarse ós novos tempos marcados pola crise económica, trataremos, como sempre, de servirvos e de estar atentos ás vosas inquietudes e necesidades desde o cariño e a cercanía para así tratar de resolver todos os vosos problemas.

A confianza novamente en nos depositada, fai que nos encontredes, a min e ó goberno que teño a honra de presidir, sempre ó voso lado coas forzas renovadas para, todos unidos, sentirnos orgullosos de Paderne.

O voso Alcalde

Creación da Xunta de Goberno Local

Constituída a nova Corporación en sesión extraordinaria celebrada o día 13 de xuño de 2015, como consecuencia das eleccións locais convocadas por Real Decreto de 30 de marzo de 2015 e celebradas o 24 de maio, créase a Xunta de Goberno Local da que formarán parte o Alcalde Presidente e un número de membros non superior a un tercio do número legal dos da Corporación, quedando constituída como segue:

Presidente: **D. César Longo Queijo**

Vogais: **D. Rafael Castro Deive, D. Manuel Sánchez Moreira, D. Francisco Cortés Abrodos**

Nomeamento dos Tenentes de Alcalde

Unha vez constituída a nova Corporación, é preciso deseñar o novo réxime de organización e funcionamento do Concello, no que están presentes os Tenentes de Alcalde, que son nomeados polo Alcalde de entre os membros da Xunta de Goberno Local e, onde esta non exista, de entre os Concelleiros.

Corresponde, ós Tenentes de Alcalde, substituír na totalidade das súas funcións ó Alcalde nos supostos de ausencia, enfermidade ou vacante quedando nomeados os seguintes concelleiros membros da Xunta de Goberno Local segundo a orde de nomeamento:

Primeiro Tenente de Alcalde: **D. Rafael Castro Deive**

Segundo Tenente de Alcalde: **D. Manuel Sánchez Moreira**

Terceiro Tenente de Alcalde: **D. Francisco Cortés Abrodos**

Delegación de Competencias do Alcalde da Xunta de Goberno

- O desenvolvemento da xestión económica de acordo co Orzamento aprobado, dispor gastos dentro dos límites da súa competencia, concretar operacións de crédito, sempre que aquelas estean previstas no Orzamento e o seu importe acumulado dentro de cada exercicio económico non supere o 10% dos seus recursos ordinarios, ordenar pagos e render contas.

- As contratacións, concesións e adquisicións e alleamentos patrimoniais no marco da competencia da Alcaldía.

- A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento.

- O outorgamento das licenzas urbanísticas e de actividade, salvo que as leis sectoriais atribúano expresamente ó Pleno ou á Xunta de Goberno Local.

Delegación de Competencias do Pleno na Xunta de Goberno

- O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación en materias de competencia plenaria.

- A declaración de lesividade dos actos do Concello.

- A concertación das operacións de crédito cuxa contía acumulada, dentro da cada exercicio económico, exceda do 10% dos recursos ordinarios do Orzamento; salvo as de tesourería, que lle corresponderán cado o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15% dos ingresos correntes acumulados no exercicio anterior.

- A aprobación dos proxectos de obras e servizos, cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e cando non estean previstos nos orzamentos.

- O disposto en materia de contratación pública e adquisición e alleamento patrimonial, como concesional, no marco das competencias atribuídas legalmente ó órgano plenario.

Creación da Xunta de Delegados

Un órgano que, dependendo xerarquicamente da Alcaldía, ten como competencias:

- Coordinar os traballos dos Concelleiros responsables das áreas e dos Concelleiros dedicados a cada área.
- Deliberación dos asuntos que se tratarán na Comisión de Goberno e no Pleno Municipal.

Delegación de competencias do alcalde

A favor dos Concelleiros nas áreas que se relacionan:



**Educación, Xuventude
e Deporte**
**D. Rafael Castro
Deive**



Servizos Xerais
**D. Manuel Sánchez
Moreira**



**Obras Públicas
e Urbanismo**
**D. Francisco Cortés
Abrodo**



Benestar Social
**D.ª M.ª Isabel Crespo
Vidal**



Cultura
D.ª Lucía Rey Cal

Cada un deles, na súa concellalía, realizará os actos de seguimento, impulso e trámite posteriores á solicitude e/ou inicio dos procedementos anteriores á resolución dos mesmos que así o requira esta área.

Nomeamento de Tesoureiro

Resultando a necesidade de prestar as funcións de tesourería no Concello, o Alcalde nomea a **D. Manuel Sánchez Moreira** para asumir este cargo sendo ratificado polo Pleno do Concello.

Mesa de Contratación

Desígnanse como membros da Mesa de Contratación ós seguintes:

Como Presidente: **D. César Longo Queijo** ou Concelleiro en quen delegue. Este órgano será o Responsable dos contratos a efectos só da Recepción do obxecto contractual respectivo.

Como Vogais: **D. Rafael Castro Deive**, **D. Francisco Cortés Abrodo** e **D. Manuel Sánchez Moreira**; O Secretario Interventor.

Periodicidade da Sesións

Quedan establecidas coa seguinte periodicidade:

1º.- Como sesións ordinarias do Pleno, unha cada tres meses, o primeiro mércores do derradeiro mes de cada trimestre ás 21:00 h en primeira convocatoria e dous días despois en segunda convocatoria.

2º.- Como sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local con carácter mensual, o derradeiro venres de cada mes, ás 13:30 horas en primeira convocatoria e, unha hora despois, en segunda convocatoria.

3º.- Así mesmo, facultar ó Sr. Alcalde a variar a convocatoria das sesións ordinarias nas datas expresadas cando por causa xustificada resulte preciso.

Comisións Especiais de Contas

Polo Grupo dos Socialistas de Galicia: 4 MEMBROS TITULARES E DOUS SUPLENTES

Polo Partido Popular de Galicia: 2 MEMBROS TITULARES E DOUS SUPLENTES

Polo Partido do Bloque Nacionalista Galego: 1 MEMBRO TITULAR

Grupos políticos

Polo PSOE: Voceiro: D. Rafael Castro Deive

1º Suplente: **D. Manuel Sánchez Moreira**

2º Suplente: **D. Francisco Cortés Abrodos**

3º Suplente: **D^a M^a Isabel Crespo Vidal**

4º Suplente: **D^a Lucía Rey Cal**

O Grupo político intégrase por:

D. César Longo Queijo

D. Rafael Castro Deive

D. Manuel Sánchez Moreira

D. Francisco Cortés Abrodos

D^a M^a Isabel Crespo Vidal

D^a Lucía Rey Cal

Polo PP: Voceiro: **D. Pedro Antonio López Ríos**

1º Suplente: **D. José Ángel Estraviz Cortés**

2º Suplente: **D. Juan Miguel Pérez Lage**

3º Suplente: **D. Pablo Buján Núñez**

O Grupo político intégrase por:

D. Pedro Antonio López Ríos

D. José Ángel Estraviz Cortés

D. Juan Miguel Pérez Lage

D. Pablo Buján Núñez

Polo Grupo Mixto (art. 10 do Regulamento Orgánico Municipal por obter menos de 2 escanos): Voceiro e integrante:

José Manuel Pérez Martínez

Presentación das Aulas de Conciliación

Guiado por persoal especializado na atención a menores está, do 1 de xullo ó 31 de agosto en horario de 8:30 a 14:30 horas, con flexibilidade para a entrada, entre 8:30 e 10:30 horas, e a saída entre 13:00 e 14:30 horas realizando actividades de acordo co período estival sen perder de vista o compoñente educativo e a educación en valores.

Son 15 as familias e un total de 17 menores os que se van a beneficiar do programa que o Alcalde ven a solicitar tanto en vacacións de Nadal como na tempada de verán para o Concello.



O Concelleiro de Educación, Xuventude e Deporte, Rafael Castro, coas familias que solicitaron participar nas Aulas o día da presentación.



O Alcalde, na inauguración da Mostra, acompañado pola Concelleira de Cultura e o pregoeiro Nacho Costoya.

Mostra do Branco Lexítimo

A segunda edición da Mostra do Branco Lexítimo tivo lugar o primeiro fin de semana de xullo; unha cita importante na que estiveron representadas as seis adegas que neste momento están a producir e comercializar esta variedade na zona recibindo os máximos eloxios por parte dos entendidos no mundo da enoloxía.

Unha importante aposta que o Alcalde soubo ver convertendo ó Concello de Paderne nunha referencia para o sector concentrando estes dous días a grandes expertos no tema que se achegaron a degustar estes caldos desde distintos puntos da nosa xeografía.

Centrada no Branco Lexítimo, a Mostra ofreceu tamén ó visitante numerosos e variados atractivos; así, obradoiros de cociña para nenos e maiores, catas, mesas redondas, talleres, concurso de cans, exhibición hípica e exposicións, completaron un programa pensado para todo tipo de público.

Presentación dos cursos de natación na piscina municipal

O día 15 de xullo deron comezo os cursos de natación na piscina. Con un total de 14 participantes, van a ter lugar de 12:00 a 14:00 h de xeito gratuíto coa única condición de ser posuidor dalgunha das modalidades de abono (individual ou familiar).

Presentados polo Alcalde e o Concelleiro de Educación, Xuventude e Deporte, terán lugar durante toda a tempada de verán axudando con elo a que os integrantes aprendan ou melloren a súa técnica.

Día da Familia. Sábado 29 de agosto 2015

- 13:00 h.- Chegada das familias
- 13:30 h.- Actuación do grupo de gaitas da Charanga DGT. Degustación de caza e viño de Paderne
- 14:30 h.- Saúda do Alcalde. Comida
- 16:00 h.- Comezo dos xogos ó aire libre (inchables – festa da espuma – toro mecánico – campionatos)
- 16:00 h.- Xogos de mesa (parchís – cartas – dominó)
- 17:00 h.- Actuación da Charanga DGT
- 20:30 h.- Baile
- 22:30 h.- Sesión de fogos artificiais. Queimada. Entrega de medallas
- 11:00 h.- Rematamos con máis baile

***Pensado para pasalo ben xuntos
iiAnimádevos e facer a reserva de mesa antes do 25 de agosto!!***

Excursión a Andalucía

Será os días **7, 8, 9, 10 e 11 de setembro** visitando **Granada, Córdoba e Málaga** co hotel, de tres estrelas, en **Torremolinos**. Sairemos o día 7 ás **06:00 h** da Casa do Concello para chegar a cear facendo as oportunas paradas polo camiño.

A data límite para anotarse será o **20 de agosto** aboando **100 €** en concepto de reserva de praza. O custe total da viaxe é de **316 €** (para os non empadroados é de **350 €**); as persoas que non desexen compartir habitación teñen a posibilidade de reservar unha individual con un custe engadido de **16 € noite**.

O programa previsto é o seguinte:

1º día: Saída ás 06:00 h da Casa do Concello en dirección Torremolinos. Comida en ruta e as oportunas paradas. Chegada para cear ó hotel.

2º día: Visita a Córdoba cunha guía oficial durante a mañá que nos irá explicando os puntos máis relevantes da cidade e a súa historia, barrio da xudería ou a Mezquita (entrada non incluída). Comida nun restaurante típico. Tempo libre, regreso ó hotel e cea.

3º día: Visita a Granada cunha guía oficial durante a mañá. Paseo pola cidade, barrio de Albaicín, ou o Sacromonte; o que o desexe pode visitar a Alhambra. Comida nun restaurante da zona. Pola tarde seguirase visitando Granada. Regreso ó hotel e cea.

4º día: Visita a Málaga tamén con guía oficial durante a mañá. Poderase ver o Teatro Romano, a Alcazaba. Comida nun restaurante da zona. De tarde iremos a conocer Marbella e Benalmádena.

5º día: Regreso despois do almorzo. Pararemos en Alcalá la Real e continuamos o camiño de volta coa comida en ruta.

Durante todo o tempo, ademais das guías oficiais que nos falarán da historia e os puntos máis destacados de cada cidade, levaremos unha guía acompañante desde Paderne. O hotel dispón dunha discoteca á que poderemos baixar despois de cear sen ter que aboar entrada.

Cinco días para pasalo ben xuntos coñecendo o noso país

Activación de estado de prealerta hidrolóxica pola Xunta de Galicia

Ante a escaseza de choivas, apélase á conciencia cidadá co fin de controlar o aforro de auga **PROHIBÍDOSE** o seu uso para calquera outro fin que non sexan os estrictamente domésticos.

Por iso, **RECORDA:** non deixes a villa aberta; dúchate en lugar de bañarte; pon a lavadora e o lavavaixelas só cando estean totalmente cheos e **NON REGUES**.

Cando detectes algunha anomalía, chama ó Concello; canto antes a solucionemos mellor aproveitaremos este importante recurso.